



RESOLUCIÓN DO 02 DE XANEIRO DE 2019 DA UNIVERSIDADE DE VIGO POLA QUE SE FIXA O PROCEDEMENTO E O PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES DE AVALIACIÓN DA ACTIVIDADE INVESTIGADORA PARA O PROFESORADO CONTRATADO DOUTOR CORRESPONDENTE AO ANO 2018.

Co obxecto de dar cumprimento ao establecido no artigo 31 do II Convenio Colectivo do Persoal Docente e Investigador laboral das Universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo, polo que se posibilita ao profesorado contratado doutor solicitar o recoñecemento do complemento de produtividade investigadora, é necesario iniciar o procedemento para a presentación de solicitudes de avaliación da actividade investigadora correspondente ao ano 2018, polo que

ESTA REITORÍA RESOLVE:

Primeiro. O profesorado contratado doutor fixo ou interino poderá presentar a súa solicitude de avaliación da actividade investigadora correspondente ao ano 2018 a partir da publicación desta resolución ata o 18 de xaneiro de 2019, na páxina web da Universidade de Vigo, no taboleiro de convocatorias, seleccionando “Persoal” e o tipo “Sexenios”.

Segundo. A presente convocatoria rexerase polas normas específicas contidas nesta resolución e nas súas correspondentes bases recollidas no Anexo I. Nos aspectos das bases que concirnan a valoración dos currículos aterase ao disposto en:

a) A Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das administracións públicas (BOE do 2).

b) O Real Decreto 1086/1989, de 28 de agosto, sobre retribucións do profesorado universitario (BOE de 9 de setembro).

c) A Orde de 2 de decembro de 1994, pola que se establece o procedemento para a avaliación da actividade investigadora do persoal funcionario dos corpos docentes universitarios (BOE do 3), modificada pola Orde de 16 de novembro de 2000 (BOE do 21).

d) A Resolución de 14 de novembro de 2018, (BOE de 26 de novembro), da Comisión Nacional Avaliadora da Actividade Investigadora, pola que se publican os criterios específicos para cada un dos campos de avaliación.

e) O convenio de colaboración entre a Universidade de Vigo e o Organismo Autónomo Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación (ANECA) relativo a encomenda de xestión para a avaliación da actividade investigadora dos profesores contratados.

ÁMBITO- PREFIJO

GEISER

Nº registro

000008735s1900000001

CSV

GEISER-d77e-3d6f-5407-4f04-aa5e-3b9c-c808-64db

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN

<https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida>

FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO

02/01/2019 10:08:50 Horario peninsular

Validez del documento

Original



GEISER-d77e-3d6f-5407-4f04-aa5e-3b9c-c808-64db

E demais normas vixentes que sexan de aplicación.

Terceiro. No non previsto polas bases desta convocatoria para a valoración dos currículos rexerán as mesmas normas que sexan aplicables ao persoal docente funcionario.

Cuarto. Resolta a convocatoria, a Universidade ditará resolución na que se fixarán os tramos correspondentes e os efectos económicos que puideran corresponder a cada un dos solicitantes.

Quinto. En caso de promoción na Universidade de Vigo aos corpos docentes universitarios poderase solicitar o aboamento das avaliacións positivas de aqueles tramos da actividade investigadora recoñecidos pola Universidade de Vigo con anterioridade ao seu acceso á función pública. Os efectos económicos serán, no seu caso, dende a data de toma de posesión no correspondente corpo docente universitario ata o 31 de decembro dese mesmo ano.

Sexto. Contra esta convocatoria, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte de recibir esta notificación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte de recibir esta notificación, perante o Reitor. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vigo, 02 de xaneiro de 2019

O reitor,



Manuel Joaquín Reigosa Roger

ÁMBITO- PREFIJO

GEISER

Nº registro

000008735s1900000001

CSV

GEISER-d77e-3d6f-5407-4f04-aa5e-3b9c-c808-64db

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN

<https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida>

FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO

02/01/2019 10:08:50 Horario peninsular

Validez del documento

Original



GEISER-d77e-3d6f-5407-4f04-aa5e-3b9c-c808-64db

ANEXO I. BASES DA CONVOCATORIA

1. Obxecto da convocatoria. O propósito desta convocatoria é **recoñecer os méritos** na actividade investigadora desenvolvida polo profesorado contratado doutor fixo ou interino da Universidade de Vigo, e incentivar o seu exercicio e a súa calidade. No suposto de avaliación da transferencia do coñecemento, e na medida que se trata dun proxecto piloto para o ano 2018, as persoas interesadas só poderán solicitar un tramo de seis anos.

2. Requisitos das persoas solicitantes.

2.1. Terá dereito a solicitar a avaliación da súa actividade investigadora quen teña subscrito coa Universidade de Vigo, a 31 de decembro de 2018, un contrato fixo ou interino.

2.2. Tamén terá dereito a solicitar esa avaliación o profesorado contratado fixo ou interino que se atope en situación de excedencia forzosa a 31 de decembro de 2018, os que a esta mesma data se atopen en situación de excedencia voluntaria ou en réxime de dedicación a tempo parcial, aínda que os correspondentes efectos económicos non se iniciarán ata o momento do seu reingreso ao servizo activo e en réxime de dedicación a tempo completo.

2.3. O profesorado antes mencionado que solicite un tramo de investigación deberá atoparse en calquera das seguintes situacións:

- Aqueles que o último tramo avaliado positivamente remate o 31 de decembro de 2012 ou terminase en anos anteriores.
- Aqueles que nunca se presentaran anteriormente e cumpran un mínimo de seis anos avaliados o 31 de decembro de 2018.
- Aqueles a quen non se lles recoñecese o seu último tramo de avaliación normal e este terminase o 31 de decembro de 2015 ou en anos anteriores. As persoas solicitantes que se atopen nesta situación poderán construír un novo período, de seis anos, con algún dos anos xa avaliados negativamente na última solicitude presentada e, ao menos, tres anos posteriormente á mesma. No caso de avaliación negativa anterior de dous ou mais tramos presentados conxuntamente, o novo sexenio formarase unicamente con anos propios do último tramo de investigación.

2.4. O profesorado antes mencionado que solicite un tramo de transferencia do coñecemento (proxecto-piloto) deberá ter obtido un tramo de investigación antes do 31 de decembro de 2018.

3. Formalización de solicitudes.

3.1. As persoas solicitantes poderán presentar por vía telemática, de acordo co artigo 27.6 da Lei 11/2007 de 22 de xuño (BOE do día 23), de Acceso Electrónico dos Cidadáns aos Servizos Públicos, os seguintes documentos, que están dispoñibles na sede electrónica do Ministerio de Ciencia, Innovación e

Páxina 1 de 6

ÁMBITO- PREFIJO

GEISER

Nº registro

000008735s1900000001

CSV

GEISER-d77e-3d6f-5407-4f04-aa5e-3b9c-c808-64db

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN

<https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida>

FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO

02/01/2019 10:08:50 Horario peninsular

Validez del documento

Original



GEISER-d77e-3d6f-5407-4f04-aa5e-3b9c-c808-64db

Universidades <https://sede.educacion.gob.es>, sección “Trámites y Servicios”, subsección “Organismos”:

a) Impreso de solicitud asinado.

b) Currículo vitae abreviado que se xera ao cumprimentar a aplicación de solicitud e limitado ás cinco achegas que o interesado queira someter a avaliación.

Entenderase por «achega» calquera unidade clasificable nalgún dos criterios de avaliación a que se remite no apartado 6 da presente convocatoria. Nas citas de todas as achegas deberase facer constar os datos que sexan necesarios para a súa localización e identificación.

As achegas presentadas deberán estar publicadas nos anos para os que se solicita a avaliación. Non se terán en conta publicacións “aceptadas” pero non publicadas durante eses anos.

En revistas, libros u outras obras que contén con edición dixital e impresa, as achegas entenderanse publicadas só cando aparezan neste segundo formato.

Se a achega alegada consiste nunha patente, requirirase que fose “concedida” nos anos para os que se solicita a avaliación. Non se terán en conta patentes “presentadas” ou “publicadas” pero non concedidas durante eses anos, e no seu caso, segundo criterios específicos de cada campo, en explotación. Ademais, deberase incorporar un ficheiro pdf coa concesión da patente.

Cada achega irá acompañada dun “breve resumo” en castelán, co máximo que establece a aplicación telemática, que conteña os obxectivos e resultados máis sobresaíntes da investigación. Poderanse substituír os resumos individualizados por un só que se refira a todas elas.

Así mesmo, quen sexa solicitante deberá acompañar os «indicios de calidade» da investigación, que poderán consistir en:

- Relevancia científica do medio de difusión no que se publicase cada achega. Nas disciplinas nas que existan criterios internacionais de calidade das publicacións, estes serán referencia inescusable.
- Referencias que outras autorías realicen, en traballos publicados, á obra de quen sexa solicitante, que sexan indicativas da importancia da achega ou do seu impacto na área.
- Apreciación, expresada sucintamente, da propia persoa interesada sobre a contribución da súa obra ó progreso do coñecemento, así como do interese e creatividade da achega.
- Datos sobre a explotación de patentes ou modelos de utilidade.
- Reseñas en revistas especializadas.

No caso de que as achegas fosen froito dunha obra colectiva, cada autor ou autora poderá incorporar a referida investigación no seu currículo, facendo mención expresa nos correspondentes resumos do alcance da súa contribución persoal ao traballo colectivo.

Cada solicitante poderá engadir ata dúas achegas substitutas debidamente referenciadas e identificadas como tales, que poidan substituír a outras tantas das presentadas en primeiro termo e que o proceso de avaliación poida considerar de calidade insuficiente para acadar a puntuación mínima requirida.

Páxina 2 de 6

ÁMBITO- PREFIJO	CSV	FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO
GEISER	GEISER-d77e-3d6f-5407-4f04-aa5e-3b9c-c808-64db	02/01/2019 10:08:50 Horario peninsular
Nº registro	DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN	Validez del documento
000008735s1900000001	https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida	Original



GEISER-d77e-3d6f-5407-4f04-aa5e-3b9c-c808-64db

c) Currículo vitae completo.

Recoméndase que o currículo vitae inclúa exclusivamente as actividades de investigación, desenvolvemento e innovación. Así mesmo, recoméndase que se achegue o “doi” (*digital object identifier*) das publicacións que dispoñan del. Aínda que non é obrigatorio, recoméndase a presentación do currículo no formato normalizado CVN.

d) Folla de servizos orixinal actualizada do período do que se solicita avaliación, no que conste o réxime de dedicación de quen sexa solicitante durante devandito período.

e) Se a investigación se realizou nun centro que non figura na «folla de servizos», deberá achegarse unha copia dos contratos, nomeamentos, credenciais de bolseiro ou bolseira ou documentos fiables similares, incluíndo período de tempo e réxime de dedicación. Deberá en todo caso tratarse dun centro docente superior ou que a actividade primordial e regular sexa a investigación.

3.2 A CNEAI poderá solicitar en calquera momento do procedemento administrativo, os documentos orixinais dos que se xeraron os arquivos electrónicos incorporados á solicitude, co fin de contrastar a súa validez e concordancia.

3.3 A CNEAI reservarase o dereito de actuar legalmente contra aquelas persoas que modificasen ou alterasen aqueles documentos orixinais para xerar os arquivos electrónicos incluídos na solicitude.

3.4 Tanto na sede electrónica do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades <https://sede.educacion.gob.es/sede>, como na dirección electrónica <http://www.aneca.es/Programas-de-evaluacion/Evaluacion-de-profesorado/CNEAI> poderase acceder aos medios electrónicos para a cumprimentación e remisión telemática dos impresos e anexos, así como ao texto da resolución que especifica os criterios de avaliación. Nesta mesma dirección poderase realizar o seguimento da tramitación das solicitudes.

3.5 A través da sede electrónica do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades poderanse obter duplicados dos xustificantes dos escritos presentados por rexistro electrónico: (<https://sede.educacion.gob.es/sede>, apartado “Mis justificantes registro electrónicos”).

3.6 As persoas interesadas poderán dirixirse a sosporte.sede@mecd.es, en horario de Luns a Xoves de 09:00 a 18:00 horas e Venres de 8:30 a 15:30 horas, para consultas relacionadas coa aplicación informática.

3.7 As persoas interesadas poderán dirixirse á CNEAI para calquera consulta relacionada con esta convocatoria que non corresponda á aplicación informática en horario de luns a xoves de 8:30 horas a 17:00 horas, e venres de 8:30 horas a 15:00 horas. Por soporte electrónico á conta: ayuda.cneai@aneca.es ou a través dos teléfonos que se atopan na páxina web de ANECA.

ÁMBITO- PREFIJO	CSV	FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO
GEISER	GEISER-d77e-3d6f-5407-4f04-aa5e-3b9c-c808-64db	02/01/2019 10:08:50 Horario peninsular
Nº registro	DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN	Validez del documento
000008735s1900000001	https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida	Original



4. Presentación das solicitudes.

4.1. Os impresos ou anexos serán cumprimentados e enviados por vía telemática, usando os medios dispoñibles na sede electrónica do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades <https://sede.educacion.gob.es/sede>.

4.1.1. Se a persoa interesada dispón de certificado recoñecido de sinatura electrónica, segundo o disposto na Lei 59/2003, de 19 de decembro de Sinatura electrónica, deberá presentar a súa solicitude exclusivamente no rexistro telemático. Esta presentación en Rexistro realizarase usando a mesma aplicación informática que se utiliza para cumprimentar e enviar os impresos.

En todo caso, a persoa interesada que opte pola vía deste apartado deberá presentar por rexistro desta Universidade, ou en calquera dos lugares sinalados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, un duplicado da folla de solicitude obtida segundo o indicado no punto 3.5 dirixida ao Reitor da Universidade de Vigo.

4.1.2. Se a persoa interesada non dispón do certificado de sinatura electrónica, deberá en primeiro lugar cumprimentar por vía telemática os diversos documentos que compoñen a súa solicitude e, trala confirmación, deberá imprimir a folla de solicitude e presentala, debidamente asinada e por duplicado, no lugares sinalados no apartado 4.2.

4.2. As persoas solicitantes que non dispoñan de certificado de sinatura electrónica, poderán dirixir as súas solicitudes ao Reitor da Universidade de Vigo no Rexistro desta Universidade ou en calquera dos lugares sinalados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das administracións públicas, **sendo imprescindible que na solicitude apareza a data de recepción na Universidade de Vigo.** No caso de que estas persoas optasen por presentar a súa solicitude nunha oficina de Correos, farano en sobre aberto para que a solicitude sexa datada e selada polo persoal funcionario de Correos antes de ser certificada.

5. Instrución do procedemento.

5.1. Corresponde á CNEAI instruír, á solicitude da Universidade de Vigo, o procedemento de avaliación da actividade investigadora.

5.2. Para desempeñar o seu labor, a CNEAI solicitará o asesoramento da comunidade científica, articulándoo a través de Comités Asesores por campos científicos, cuxa relación será oportunamente publicada.

5.3. No proceso teranse en conta exclusivamente os documentos presentados coa solicitude, polo que se prescindirá do trámite de audiencia, de conformidade co establecido no artigo 82.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das administracións públicas.

ÁMBITO- PREFIJO	CSV	FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO
GEISER	GEISER-d77e-3d6f-5407-4f04-aa5e-3b9c-c808-64db	02/01/2019 10:08:50 Horario peninsular
Nº registro	DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN	Validez del documento
000008735s1900000001	https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida	Original



6. Criterios de avaliación.

6.1. Na avaliación observaranse os criterios xerais establecidos no artigo 7 da Orde de 2 de decembro de 1994 e no artigo 7 da Resolución da Secretaría de Estado de Universidades e Investigación de 5 de decembro de 1994.

6.2. Os aludidos criterios xerais complementáanse cos criterios específicos establecidos, para cada un dos campos de avaliación, na Resolución de 14 de novembro de 2018 (BOE de 26 de novembro), da Comisión Nacional Avaliadora da Actividade Investigadora, pola que se publican os criterios específicos aprobados para cada un dos campos de avaliación.

7. Procedemento de avaliación.

7.1. Os Comités Asesores e, no seu caso, as persoas expertas consultadas deberán formular un xuízo técnico sobre a obra achegada por quen sexa solicitante no currículo abreviado, dentro do contexto definido no currículo completo.

7.2. No caso de que o correspondente Comité Asesor ou as persoas especialistas nomeadas polo Presidente da CNEAI o consideren oportuno, poderán requirir de quen sexa solicitante, por medio do Coordinador Xeral da CNEAI, a remisión dunha copia dalgunha ou de todas as achegas relacionadas no seu currículo.

7.3. O xuízo técnico expresarase en termos numéricos de cero a dez, sendo preciso un mínimo de seis puntos para obter unha avaliación positiva nun tramo de seis anos.

7.4. No caso das avaliacións únicas (actividade investigadora desenvolvida ata o 31 de decembro de 1988), o xuízo técnico expresarase en termos numéricos de cero ata o número que resulte de multiplicar por dez o número de tramos solicitados. Neste suposto, o número de tramos avaliados positivamente será igual ao número enteiro que resulte de dividir por seis a puntuación total asignada.

7.5. A CNEAI establecerá a avaliación individual definitiva á vista das cualificacións emitidas polos Comités Asesores e as persoas expertas, asegurando, en todo caso, a aplicación dos criterios aos que se refire o apartado 6 desta convocatoria.

7.6. Para a motivación do ditame da CNEAI bastará coa inclusión dos informes emitidos polos Comités Asesores, se os mesmos fosen asumidos pola CNEAI. En caso contrario, deberán incorporarse ao ditame os motivos para apartarse dos referidos informes, así como a fundamentación, avalada ou non por outros informes ditados por especialistas.

7.7. O presente procedemento de avaliación entenderase iniciado de oficio a todos os efectos. A CNEAI, ao remate do proceso de avaliación, procederá a trasladar o resultado da avaliación á Universidade de Vigo, quen á súa vez notificará persoalmente a cada solicitante a correspondente Resolución.



8. Recursos

Unha vez notificados os resultados da avaliación, a Universidade de Vigo poderá dar traslado á CNEAI das reclamacións presentadas polo profesorado avaliado desfavorablemente a fin de que os comités asesores emitan o informe técnico previo á resolución dos recursos que correspondan polo reitor da Universidade de Vigo.

